

PEZA DO MES

novembro

2019



SÓLIDO DE HONORIO

XUNTA DE GALICIA



Sólido de Honorio

Ouro

Módulo: 21 mm. Peso: 4,50 gr. Eixe: 12 h

Ceca: *Mediolanum* (Milán, Italia)

Cronoloxía: 395- 402 d. C.

Nº Inv. CE005978

Procedencia: Conxunto arqueolóxico-natural de Santomé, Ourense

Ref: RIC X, núm. 1206d. (KENT, J. P. C. *The Divided Empire and the Fall of the Western Parts ad 395-491*, London, 1994).

Ao longo das numerosas campañas de escavación no Conxunto arqueolóxico-natural de Santomé foron recuperados ata o de hoxe cento oitenta e un numismas de época romana, un total que inclúe as dezaseis moedas exhumadas na recente campaña de 2019, en fase de estudo.

O conxunto é indicativo dunha dilatada circulación monetaria e comprende desde exemplares de época de Augusto –as coñecidas como *moedas da caetra* (26-23 a. C.), emisións de carácter militar con ceca orixinal en *Lucus Augusti*– ata as moi numerosas acuñacións de pequenos bronzes do século IV. Aparecen tamén dous curiosos achados numismáticos, nos que as moedas perden a súa función primixenia para se converteren en obxectos de carácter máxico ou protector, cun valor de amuleto ou talismán: un antoniniano do emperador Galieno cun orificio, que conserva restos da fibra que serviu para levalo como colgante, e o formado

por dúas plaquiñas de prata que agochaban no seu interior dúas moedas, un denario altoimperial de Marco Aurelio e unha media siliqua baixoimperial de Honorio. Esta última e o exemplar de *solidus* que hoxe presentamos constitúen as moedas máis tardías dentro da serie recuperada e, xunto cun numeroso grupo de obxectos de cronoloxía tardorromana, axudan a datar o horizonte final de ocupación do xacemento entre finais do século IV e o primeiro cuarto do século V d. C.

Esta peza singular foi encontrada de xeito casual, en superficie, no ano 2003, por dona Teresa Feijoo García, quen logo duns días de chuvia paseaba por Santomé. Exemplarmente, axiña faría entrega dela no Museo, por intermediación do Sr. Uruburu. A moeda, carece pois dun contexto arqueolóxico máis preciso que a simple referencia topográfica ao xacemento.

Trátase dun sólido de ouro, en moi bo estado de conservación, acuñado por Honorio, primeiro emperador romano de Occidente (395-423 d. C.), tras a división do Imperio feita polo seu pai Teodosio, quen nomearía tamén o seu fillo Arcadio como emperador de Oriente.

A tipoloxía que figura no anverso da moeda é o busto de Honorio, de perfil, con diadema de perlas, manto e coiraza, mirando á dereita, coa lenda DN HONORI VS P F AVG. No reverso, o emperador de pé á dereita

portando estandarte e Vitoria sobre globo e co seu pé esquerdo pisando un cativo. No campo, aos lados, as letras M D correspondentes á marca da ceca, *Mediolanum*, e ao redor a lenda VICTORI-A AVGGG. No exergo, COMOB, abreviaturas de *comitatus* (COM), o que sinala unha emisión vinculada á corte imperial, e *obryziacum aureum* (OB), referida á garantía da pureza do ouro.

As primeiras acuñacións do tipo *Victoria Auggg* foron feitas en *Mediolanum* no 394-395 d. C., tanto a nome de Teodosio como dos seus fillos Arcadio e Honorio; daquela asociados ao poder como Augustos. Tras a morte de Teodosio, no período que vai entre os anos 395 e 402, todas as emisións de moedas de ouro de Honorio serían acuñadas nesa ceca. As diferenzas con respecto ás anteriores, entre outras, radican no tamaño do busto, máis grande nas últimas, no peor deseño das figuras do reverso e na posición das pernas do prisioneiro, sendo as máis tardías aquelas nas que, como a presente, mostran unha soa perna co xeonllo dobrado.

O sólido (*solidus aureus constantinianus*), creado por Constantino I o Grande no 310, substituíu, cun peso máis reducido, o antigo *aureus*, e será a base do monetario romano baixoimperial e bizantino, cun uso corrente a partir do 350 para o pagamento de impostos e do exército. A súa creación responde ás profundas reformas levadas a cabo polos emperadores do século IV en busca dun sistema estable, para trataren de solucionar a grande crise financeira e monetaria do século III e estabilizaren a economía. Destas transformacións as máis importantes son as levadas a cabo por Diocleciano (294 d. C.) e máis tarde por Constantino. Despois das oscilacións ponderais das acuñacións dos emperadores que o precederon, Constantino I establece unha política monetaria que abandona a sobreestimación das moedas de billón e basea o sistema na moeda de ouro practicamente puro, cuxas emisións regularizou a un peso correspondente a 1/72 da libra ou, o que é o mesmo, 4,52 gr. O *solidus* converterase, deste xeito, en peza de referencia e estabilidade durante séculos en todo o mundo mediterráneo.

A difusión dos *solidi* darase preferentemente nos territorios estratéxicos da costa saxoa, o limes renano e a través das distintas vías de comunicación.

Dentro da Península, os achados máis numerosos corresponden á época teodosiana. Son as emisións de Teodosio, Arcadio e sobre todo as de Honorio, estas últimas cun especial protagonismo das cecas italianas: *Roma*, *Ravenna* e sobre todo *Mediolanum*, capital daquela da parte occidental do Imperio. As emisións orientais, pola súa parte, concentráronse na ceca de *Constantinopolis*.

A pesar da súa acuñación en grandes cantidades, son pezas moi escasas no rexistro arqueolóxico. O seu alto contido en ouro puro, co seu consecuente valor, levou en non poucas ocasións a novas refundicións. Por outro lado, foron pezas sempre obxecto de atesouramento, e conserváronse numerosos exemplares en mans do coleccionismo privado.

O máis habitual é enconralos formando parte de tesouríños, que responden a ocultacións propiciadas pola época de inestabilidade que supón a entrada dos pobos bárbaros a partir do 409 d. C.

Centrándonos no territorio da actual Galicia, aínda sendo escasos, contamos con algún acubillo como o de Seadur (Larouco, Ourense), formado por tres *solidi* de Arcadio e dous de Honorio, e o de San Miguel de Deiro (Vilanova de Arousa, Pontevedra), con pezas de Valentiniano I, Valentiniano II e Arcadio, aparecidas xunto a un número indeterminado doutras moedas e xoias áureas (aneis e colares). Existen ademais diversos achados soltos, algúns procedentes de escavacións, por tanto con contextos arqueolóxicos definidos, como as dúas moedas de Arcadio do castro de Viladonga (Castro de Rei, Lugo) ou a de Constantino III da cidade de Vigo. Outras referencias en diversas publicacións recollen algúns *solidi* máis da cidade de Lugo e da provincia de Pontevedra –Baiona e castro do Calvario, no Rosal–. Ademais, once sólidos sen procedencia documentada, aínda que non se descarta que algún deles fora atopado en Galicia, forman parte da importante colección numismática da Universidade de Santiago de Compostela.

Sólidos de Honorio como este serán o tipo que servirá como modelo para as primeiras emisións de época sueva no noroeste da península, segundo sinalou xa en 1942 W. Reinhart. Son copias fieis nas que se mantén o busto do emperador romano e o seu nome no anverso. As marcas de ceca serán así mesmo as imperiais, en especial a de *Mediolanum*, aínda que se coñece tamén un exemplar coa marca B-R, de *Bracara Augusta* (sólido emitido polo rei Requiario, vendido en Londres en 2007). Estas pezas, coñecidas como «sólidos imitativos», distínguense normalmente, con excepcións como a peza de Braga, por presentaren unha execución estilisticamente menos coidada que a que ofrece esta moeda de Santomé.



CLAUSTRO DO PATIO DO MUSEO ARQUEOLÓXICO NA SÚA SEDE DA PRAZA MAIOR



ENTRADA Á SALA DE ESCULTURA DO MUSEO ARQUEOLÓXICO PROVINCIAL SITUADA AO LADO DO CLAUSTRO DE SAN FRANCISCO



INTERIOR DA SALA DE ESCULTURA DO MUSEO ARQUEOLÓXICO PROVINCIAL

MUSEO DE OURENSE

O edificio histórico que é a sede do Museo está pechado ao público por obras de reforma. Aínda así, cando é posible facilítase a súa visita, libre e tamén con posibilidade de guía, para coñecer os restos conservados e descubertos como resultado da intervención arqueolóxica realizada. O soar foi ocupado dende época romana –da que quedan algúns testemuños fragmentarios, pero relevantes na historia da cidade de Ourense–, e seguidamente por unha necrópole altomedieval, para finalmente erguer nel o Pazo do Bispo de Ourense, construción civil románica do século XII, moi completa e que se definiu na súa totalidade espacial e volumétrica, aínda que foi obxecto de engadidos e modificacións ata configurar o actual conxunto, monumento histórico-artístico declarado en 1931.

ESCOLMA DE ESCULTURA

En canto se realizan as obras de remodelación ofrécese aos visitantes unha visión das coleccións do Museo a través dunha cuidada selección de pezas de escultura, dende a protohistoria ao Barroco, na sala San Francisco. Esta é a antiga igrexa da Venerable Orde Terceira (VOT) de San Francisco, que se sitúa ao lado do cemiterio e do exconvento do mesmo nome, onde están o claustro gótico e a nave da igrexa cos seus monumentos funerarios góticos e renacentistas.

Teléfono : 988 788 417

O horario de visita:

martes a sábado: 9.00 a 21.00 h ininterrompido

domingo: 9.00 a 15.00 h

luns pechado

Outros servizos do Museo

Os servizos de información xeral, biblioteca e consulta de investigadores están dispoñibles na situación provisional do Museo, na rúa Xilgaros s/n (Centro Santa María de Europa, A Carballeira), 32002 Ourense.

Teléfono: 988 788 439

Horario de atención ao público: de luns a venres, das 9.30 ás 14.30 h e das 16.00 ás 20.30 h

www.musarqourense.xunta.es

mapour@xunta.es

PEZA DO MES:

EDITA: Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense


TEXTO: Belén Lorenzo Rumbao


FOTOGRAFÍA: Fernando del Río

MAQUETA: Araceli Gallego

ISSN: 1579-9956

Museo Arqueolóxico 

 Xacobeo 2021



 XUNTA DE GALICIA